

O presidente do Parlamento exercerá como delegado rexio na Ofrenda ao Apóstolo por designación de Felipe VI

- Santalices agradece a designación e reitera a súa lealdade institucional ao Xefe do Estado

Santiago, 7 de xullo de 2018.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, exercerá como delegado rexio na Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago que se celebrará na Catedral de Santiago o vindeiro 25 de xullo. O xefe da Casa Real, Jaime Alfonsín, vén de comunicar ao presidente da Cámara a designación efectuada polo Rei.

O presidente do Parlamento agradece o encargo do monarca e reitera a súa lealdade institucional á figura do Xefe do Estado.

Santalices Vieira exerceu como delegado rexio, na súa condición de presidente da Cámara, na Ofrenda Nacional ao Apóstolo do 25 de xullo de 2016 e na Ofrenda da Traslación do 30 de decembro de 2017.

A Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago, que se celebra cada 25 de xullo, foi instaurada por Felipe IV en 1643.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.